

Titorías 2024

DÍA DA PAZ

*Coser e
cantar!*



Atrapasoños pola paz

Tal como o vivimos o curso pasado,
A PAZ É COSER E CANTAR.

E se a tecemos outra vez?

Propoñémosvos facer
ATRAPASOÑOS, así que,
MANS Á OBRA!



Fíos que nos enredan
pero que tamén nos unen.

Fíos que son irrompibles
ou que case mellor cortalos.


Eses de cores que nos alegran.
Cordas de guitarra que fan música.

Fíos do máis creativo pincel.

Cordas de vida para chegar alto.

Fíos para coser corazóns rotos,
para remendar un descosido,
para facer un agarimoso xersei.

...

 Tecemos entre todxs?

PORQUE A PAZ É COSER E CANTAR

A idea

Todo o alumnado e profesorado creará Atrapasoños pola PAZ.

Materiais proporcionados pola biblio

- Plantilla co símbolo da paz (Paz e Amor).
- Fíos de la, de trapillo ou cintas **ata esgotar existencias.**

O alumnado deberá traer tesoiras e pegamento. Tamén poden traer cartón, cintas, las, teas para forrar e motivos para a decoración.




Traballo colectivo!

Tecede, tecede nas clases e poñede música da nosa radio para facer posible que a Paz sexa coser e cantar!

Queremos encher o instituto de atrapasoños feitos por nós, atrapasoños pola paz.

**SACAREMOS UNHA FOTO CREATIVA DA CLASE
COS ATRAPASOÑOS FEITOS E
MANDARÉMOLA A bibliosanpaio@gmail.com
INDICANDO GRUPO**

Para este día, e para todos os demais, cómpre que poñamos en valor a comunidade á que pertencemos e como todxs e cada unha de nós somos importantes e imprescindibles para un proxecto común.



Recorta a plantilla no cartón e envólvea con la ou tea. Despois decóraa con cintas de cores e cólgalle pompóns.

Despois da foto, entregaa na biblio

2024

DÍA DA PAZ

Coser e cantar!

Grazas!



PLAMBE

